

MARXINALIDADE, NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, INTEGRACIÓN: ¿COMO DESENVOLVER A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA?

María Luisa López Losada
CEIP Xesús San Luis Romero Carballo

RESUMO

Mestura explosiva a que se produce na escolarización do alumnado con graves minusvalías psicofísicas nun colexio no que a poboación escolar pertence maioritariamente a unha clase social marxinal autóctona coñecida como “moinante”.

A integración de ambos os dous tipos de alumnado na área de educación física é un reto do que se saca como conclusión esta experiencia.

PALABRAS CLAVE

Minusválido, socializar, conflito, integración, xogo.

1. DESCRICIÓN DO CENTRO: CONTEXTO E ALUMNADO

A situación ocorre nun colexio de educación infantil e primaria.

Trátase dun centro que iniciou a súa andadura no curso 1994/95. Pode ser clasificado como un centro moderno, esteticamente moi agradable, con boas instalacións, funcional, sen barreiras arquitectónicas xa que dispón de ramplas e ascensor. Posiblemente por isto, nos últimos cursos pasou a ser considerado centro de escolarización preferente para o alumnado con problemas de mobilidade.

Está situado nas aforas dun barrio que parece non medrar debido á proximidade dun enclave marxinal.

Durante o curso 2003/2004 escolariza un total de 116 alumnos e alumnas. E entre eles pódese establecer a seguinte clasificación:


7 alumnos/as	Con necesidades educativas especiais (n.e.e.)	6'03%
5 alumnos/as	Que proceden do estranxeiro	4'31%
94 alumnos/as	Pertencentes a unha etnia social marxinal que aquí se chama "moinante"	81'03%
10 alumnos/as	Non encadrados en ningún dos apartados anteriores	8'63%

Pódese observar que a ratio media de alumnado por aula é de 13 alumnos/as. O baixo nivel de matrícula vén determinado porque é un centro que escolariza a unha maioría grande de poboación marxinal, isto xera medo, e iso é algo que produce unha fuga do resto do alumnado cara a outros centros, incluso de alumnado que reside a carón mesmo do colexio.

O 6'03% de alumnado clasificado como de necesidades educativas permanentes presenta, nalgúns casos, graves plurideficiencias, e resulta ademais que varios/as alumnos/as se escolarizan no mesmo curso da educación primaria. Así:

DEFICIENCIA	CURSO
Inespecífico ou sen diagnóstico	1º
Parálise cerebral infantil con tetraparesia espástica que afecta especialmente ás extremidades inferiores	1º
Lesión cerebral grave. Crises convulsivas. Pés equino-varo-adductos	1º
Parálise cerebral con tetraparesia espástica que afecta gravemente ás catro extremidades e á fala	3º
Atrofia cerebelosa	3º
Tetraparesia. Estrabismo converxente. Atraso madurativo	3º
Inespecífico ou sen diagnóstico	5º

O 81'03% de alumnado moinante pertence a unha etnia marxinal que, segundo estudos publicados, posúe unhas características ben marcadas, que inflúen notablemente no ámbito escolar. A modo de esquema podemos establecer que:



2. CONSIDERACIÓNS INICIAIS: PROGRAMACIÓN

Así pois, é doado entender que levar a cabo a tarefa docente neste centro, cun alumnado que amosa tan poucas condicións para ser educado, é un labor ímprobo, cansado, lento e pouco agradecido. Tal é así que, case sen temor a esaxerar, se pode asegurar que educar é un milagre e ensinar unha quimera.

Dadas as características deste alumnado, a clase de educación física pode dar lugar a que unha actividade sinxela se converta en perigosa. Entón, o traballo no ximnasio debe encamiñarse primordialmente cara ao respecto de regras, normas, hábitos e actitudes. Conquistado isto, o desenvolvemento de habilidades e calidades non representaría dificultade.

Se ao alumnado marxinal lle engadimos na aula tres alumnos/as con graves plurideficiencias, a dificultade para ensinar non só aumenta, senón que se magnifica.

Son moitas as variables que se tiveron en conta á hora de emprender un traballo destas características no centro de referencia.

Empezouse por considerar que se o alumnado con n.e.e. accedía ao ximnasio era para poder participar e integrarse, na medida do posible, dentro das actividades programadas para a sesión. É obvio que a mestra de educación física non é especialista en rehabilitación nin fisioterapeuta, do mesmo xeito que é notorio que baixar ao ximnasio para traballar nun aparte e á marxe da clase, tampouco era medida oportuna pedagóxica nin socialmente, pois tiña máis de segregación que de integración.

Do mesmo xeito, era condición *sine qua non* lograr a aceptación e o respecto do alumnado moinante cara ao alumnado con deficiencias psicofísicas. Isto supoñía:

- a) Vencer a natural crueldade dos nenos e nenas, máis aínda tendo en conta que no ambiente marxinal se utilizan as taras físicas para dar mágoa, pedir esmola e estafar os incautos.
- b) E, ao mesmo tempo, conseguir que se adaptasen a un ritmo de actividade distinto, loxicamente máis lento, con máis pausas, posiblemente cun grao de dificultade menor, e, paradoxalmente, cunha necesidade maior de esforzo persoal.

Houbo entón que establecer unha serie de pasos encamiñados a facilitar un traballo eficaz académica, física, psicolóxica e socialmente; un traballo adaptado ao currículo e, ao mesmo tempo, flexible, seguindo unha pauta de actuación ben conformada:

- Priorizando os contidos máis axeitados atendendo ás características do alumnado. As características individuais condicionan a natureza da clase.
- Esquema corporal:
 - imaxe e percepción corporal
 - coñecemento da actitude e da postura
 - percepción, organización e representación espacial
 - percepción, organización e representación temporal
- Movemento e coordinación xeral:
 - coordinación óculo-manual
 - coordinación locomotriz
 - ritmo e movemento

- axilidade
- equilibrio
- Xogo e saúde (física e psíquica).
- Partindo duns obxectivos xerais para todo o grupo en conxunto, establécense unhas actividades básicas que, evidentemente, precisan dun nivel de esixencia diferenciado.

O obxectivo insignia é o que fai incidencia na adquisición de hábitos e actitudes. Ao amparo deste, establécense outros fins que colaboran na súa consecución:

- Conseguir un coñecemento axustado do propio corpo, así como das súas posibilidades.
- Valorar as propias capacidades, así como as propias limitacións.
- Ser capaces de traballar de forma regular e constante, tanto en potencia como en acto.
- Actuar con precaución e comedimento ante actividades intensas ou que poidan considerarse potencialmente perigosas.
- Aceptar regras e normas, tanto as impostas como as consensuadas polo grupo-clase.
- Tolerar críticas e rectificacións, tanto en exercicios como en xogos.
- Controlar a agresividade, tanto a que pode derivar da superioridade como da frustración.
- Mostrar predisposición a establecer relacións positivas no acatamento das características de cadaquén.
- Adoptando medidas e estratexias para traballar con grupos heteroxéneos, tanto no aspecto físico como no psicolóxico.

Outro punto importante que cómpre ter en conta é o referido ás estratexias didácticas, que deben axustarse ás características do alumnado dun xeito lúdico, sinxelo e eficaz.

Utilízanse:

- a reprodución de modelos
- o mando directo
- a asignación de tarefas
- xogos adaptados.

Todo o anterior leva aparelado a necesaria elaboración dunha adaptación curricular ao alumnado con n.e.e.

3. RECURSOS HUMANOS

Enténdese que traballar cun grupo tan heteroxéneo de personalidades, calidades e condutas necesita dunha axuda engadida.

Nas sesións de educación física (nas que participan cursos con alumnado con discapacidades psicomotoras), a especialista en educación física está acompañada en todo momento por unha coidadora e por unha mestra de apoio. Axuda valiosísima, polo que supón:

- Maior facilidade para mover e/ou axudar os nenos e nenas con problemas de mobilidade.
- Máis capacidade de atención por parte do alumnado con n.e.e., dado que senten a presenza da axuda máis próxima, o que evita que se sintan perdidos dentro dun espazo de maiores dimensións que unha aula ordinaria.
- Mellor dispoñibilidade para a participación activa e simultánea de todo o grupo en conxunto, o que evita perigosas esperas e tempos mortos.
- O alumnado que non presenta n.e.e. seguiu a ter unha persoa pendente deles, de tal xeito que se evitan posibles alteracións no desenvolvemento da clase.

4. ORGANIZACIÓN DA CLASE DE EDUCACIÓN FÍSICA

Dentro da heteroxeneidade do grupo-clase, as sesións seguen o mesmo esquema, iso si, adaptado á idade e á capacidade do alumnado ao que se dirixe, poñendo especial énfase na dificultade da tarefa que se propón e facilitando os elementos que a poden rodear.

Para evitar os problemas de conduta hai que considerar a organización das sesións:

- Establecendo unha rutina de traballo.
- Dando indicacións concretas e sinxelas das actividades, xogos e predeportes.
- Favorecendo a autoestima e a autonomía.

As sesións iníciense sempre no mesmo lugar que, neste caso, é o ximnasio co que está equipado o centro e que reúne unhas condicións idóneas.

Comézase pasando lista do alumnado para comprobar as condicións que presentan, enténdese por isto:

- Que veñen equipados con roupa e calzado deportivo.
- Que animicamente están predispostos para o traballo físico, en harmonía co resto do grupo.
- Que fisicamente non teñen malestar nin lesión que os poida prexudicar á hora da actividade física.

Continuamos con comentarios e explicacións do que se vai facer, proponendo a sesión como un reto. Isto motiva o alumnado moínante, que non considera entón que as actividades teñan un nivel baixo por haber alumnado con dificultades psicomotrices, senón que se entrega a sacar adiante a súa propia tarefa, o que impide o desinterese que, evidentemente, derivaría en problemas de comportamento.

Segue un quecemento, que comeza de forma segmentaria: dedos, pulsos, cóbados, ombros, cintura, xeonllos, nocellos, e termina por un xeral máis completo, segundo as capacidades de cadaquén.

Rematado o quecemento, pásase a actividades máis concretas do currículo de primaria programadas para esa sesión.

O xogo motor adaptado é un elemento educativo primordial que enche a necesidade de movemento e de diversión que todo neno/a ten, ensina a colaborar (e porque non, tamén a competir), e educa, así mesmo, o alumnado en que cadaquén pode ter un papel dentro do xogo tan importante como o dos outros, aínda que sexa con diferentes funcións. O xogo, ademais, é enriquecedor, tanto o de coñecemento e contacto social, como o cooperativo e competitivo, porque lle permite ao profesorado ter un papel transcendente como compañeiro de xogo e mediador, á vez que educador.

A actividade física en si remata cuns minutos de relaxación e masaxe, necesarios tanto para un tipo de alumnado como para o outro.

O traballo dentro do ximnasio finaliza coa recollida de material (o de traballo e o persoal) e coa saída.

Un aspecto importante é que durante a sesión se informa, ao grupo en conxunto e a cada individuo de xeito personalizado, da valoración do seu traballo. Dánselles explicacións que lles ensinen estratexias e lles axuden a mellorar en vindeiras sesións.

As tres persoas adultas presentes na sesión teñen roles moi concretos e plenamente recoñecidos polo alumnado. A mestra especialista é a que dirixe a clase, propón as actividades, marca os cambios de actividade e controla a axeitada execución da tarefa valorando os logros ou facendo as correccións necesarias. O profesor de apoio e a coidadora son un reforzo para o alumnado con n.e.e., extraordinariamente importante á hora de dinamizar os nenos e nenas con graves problemas de mobilidade.

5. CONCLUSIÓN

A integración do alumnado con graves problemas psicofísicos é tal que non só contribuíu a desterrar dúbidas e sentimentos de inseguridade por parte do profesorado e persoal implicado, senón que estimulou grandemente a aceptación por

parte do alumnado marxinal. Desta forma, prodúcese unha empatía entre todos os elementos activos da clase que deriva nun argumento óptimo para o incremento do compromiso motor, a socialización, o coñecemento e o respecto, que son en si a finalidade última da educación.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe nas aulas, coa mestura á que fai referencia esta experiencia, debe ser necesariamente dinámico, flexible e, sobre todo, creativo.

6. BIBLIOGRAFÍA

- ABELLEIRA, C. (13/08/00) Moinantes, marginación con nome propio. *La Voz de Galicia* (Suplemento *Los Domingos de La Voz*) 10-11.
- ABELLEIRA, C. (18/12/01) Un estudio sobre la marginación revela la existencia de 600 moinantes en Carballo. *La Voz de Galicia* (Edición de Bergantiños) 2-3.
- CIFUENTES TORRES, C. (2000) *Xogando na escola*. Santiago, Edicións Lea.
- CRATTY, B. J. (1985) *Juegos escolares que desarrollan la conducta*. Méjico, Pax-México.
- OBRADOIRO DE SOCIOLOXÍA (2002) *Estudio sociodemográfico da poboación marxinal do Concello de Carballo*. Xunta de Galicia-Concello de Carballo.
- PUIGDELLÍVOL, I. (1998) *La Educación Especial en la escuela integrada. Una perspectiva desde la diversidad*. Barcelona, Editorial Graó.

Data de aceptación definitiva: 26/04/04